

ARREDOR DE LEOPOLDO NÓVOA. CONVERSA

Luisa Blanco*
Luis Rodríguez Ennes**
Universidade de Vigo

Nun período artístico no que se nos abanea por todas partes cun feixe de receitas conceptuais para lenzos enmarcados e pendurados nas galerías de arte como verdadeiros cadros con melodramáticas representacións realistas; ou coa violencia duns contrastes materiais reais ou suxeridos, a modestia, o control e a integridade composicional da obra de Leopoldo Nóvoa amósansenos ó principio como un fenómeno estrañamente illado. Unha expresión solitaria no seu comedimento, e na compostura e disciplina das súas superficies monocromas, fornecidas dunha lenta danza de cor nas súas formas de relevos redondeados, nas súas liñas afiadas que reflecten a luz desde o bordo, incluso perforacións na superficie do cadro. O conxunto presenta unha unidade evidente na vitalidade rítmica, un toque de misterio no claroscuro e unha satisfacción sensual; todo o cal conforma un pracer delicado e sutil. En setembro de 1974, co gallo dunha exposición en Madrid, o egrexio poeta recentemente falecido José Hierro escribiu:

Queda la obra de Nóvoa como fruto del desencanto, meditación sin esperanza, resignación de un espíritu lleno de gravedad. Sus soluciones expresivas, de gran simplicidad, en otros hubieran podido caer en la simple ocurrencia, en el juego caprichoso. En él son formas de lenguaje mágico con las que trata de comunicarnos sensaciones profundas que él mismo es, probablemente, incapaz de reducir en conceptos o fórmulas accesibles por medio de la razón.

Nóvoa, que viviu en Uruguai, en Arxentina, en París, é sen embargo e ante todo galego, galego dese *finis terrae* do continente eurasiático. Nesa Galicia naceu el e nela morou de maior grado ca noutras terras a partir do intre en que España se liberou do xugo franquista. Cada un dos vértices xeográficos que delimitan e orientan a biografía de Leopoldo Nóvoa posúen unha íntima cualificación existencial e sociolóxica.

O universo galego no ámbito dun nacemento —Pontevedra, 1919—, o lugar no que se erixen, por un sorprendente contacto visual e emocional co orixinario, eses signos que fornecen

* Catedrática de Escola Universitaria de Lingua Española

** Catedrático de Dereito Romano

unha fecunda primeira mitoloxía infantil. Pero Galicia é, tamén, o punto de partida desde o que Leopoldo Nóvoa neno ten que afrontar o susto cósmico da emigración. Cando pon por medio un océano e arriba a Montevideo atópase de súpeto cunha escenografía nova e coas saudades do que deixou atrás. Aquel emigrante mozo vai acadar a súa madurez no esteiro do Prata.

Con todo, París, onde fixa a residencia en 1965, representa o mergullo na cartesiana cultura francesa e o espallamento da súa obra polas canles de difusión internacionais. E Galicia de novo. Tiran del as súas raizames neste maior achegamento. Ó principio establece dun xeito provisorio na propiedade familiar da Bouza, moi preto do peirao pontevedrés de Raxó, onde transcorreron os seus veráns infantís; máis tarde adquire, no ubérrimo lugar de Armenteira, unha vella casa, e alí monta nun outeiro rodeado de natureza e paisaxe un taller para subscribir — como el mesmo di— “nese panteísmo luxuriante unha sólida carta de cidadanía”. Entre París e Armenteira reparte recentemente o seu tempo. Todo iso, cinguido á súa xamais esquecida identidade uruguaia, fai de Leopoldo Nóvoa unha síntese de múltiples compoñentes cosmopolitas, pero moi galai-cos na base, substancial e insubornablemente galaico.


A entrevista que segue tivo lugar na súa casa de Armenteira ó longo do mes de outubro de 2002.

—O primeiro que chama a atención dos seus datos biográficos é a simbiose da que vostede é arquetipo entre seu sangue crioulo e o galego. ¿Ata que punto isto puido marcar a súa traxectoria vital?

—Creo que a marcou moi profundamente pese a que, nos meus anos infantís, os contactos coas miñas avoas crioulas foron escasos. Non obstante, a avoa uruguaia, cando fun a Uruguai con 17 anos, achegoume a todo un panorama totalmente imprevisto e descoñecido para min. Por outra parte, eu xa tivera un coñecemento moi grande do feito uruguaio mercé ó meu pai. Con todo, o feito de que miña avoa fose unha estancieira que vivía no campo permitíume relacionarme coa xente crioula, especialmente cun vello capataz chamado Alejo Viña. Traballaba cos peóns, montaba e incluso ía a cabalo ó colexio. Todo isto coadxuvou na miña percepción da literatura crioula.

—Vostede nace en Salcedo, Pontevedra, e a súa infancia discorre entre Raxó e Vilagarcía. ¿Que recordos almacena desa época? ¿Houbo alguén ou algo que marcasse a súa futura vocación artística?

—Primeiro a infancia na Pampa; meu pai era un bo avicultor e foi contratado como técnico para instalar criadeiras de aves; marcáronme na miña pintura os grandes espacios desocupados (teño moitos recordos visuais). Ese sentimento do espacio ceibe de grandes dimensións, iso creou un grande acomodo físico distinto de se eu estivese en Galicia cos seus espacios reducidos.



Leopoldo Nóvoa.

Efectivamente, nacín en Salcedo, ás aforas de Pontevedra, nunha casona que hoxe ocupa o Sanatorio Marescot. Pasaba longas tempadas en Raxó nunha finca da miña tía Teresa Nóvoa. De Raxó gardo os recordos máis imborrables da miña nenez: a vida cos mariñeiros, pasamos do dominio absoluto da terra, que é a Pampa, ó dominio do mar, da costa, cun cambio total de costumes, de rostros, de actividades, de idioma. A proba é que cando, cin-

cuenta anos despois, regresei sorprendinme a min mesmo porque podía expresarme en galego con fluidez pese a que, en todo ese tempo, non pronunciara unha soa palabra na nosa lingua.

O recordo infantil de conservar a lingua ten para min unha carga afectiva tan enorme que escusaría dicir detalles: traballaba cos rillotes da aldea a tirar da rede; os mariñeiros deixábanos a faixa para tirar e logo pagában-

nos con peixes que nós lle cambiabamos por mazás á xente que viña do interior, de aquí, de Armenteira.

Despois trasladámonos a residir en Vilagarcía de Arousa. Alí navegaba eu, saía da ría. O oceánico sentino máis en Vilagarcía ca en Raxó, con todo, a miña conciencia comeza aquí. Non obstante, a vocación artística sentina en Vilagarcía dunha maneira curiosa: había un neno no Colexio León XIII chamado Rivas que debuxaba marabillosamente e, por emulación, induciume a debuxar. Por outra parte, cando acompañaba o meu pai ó Club de Regatas entretíña o meu tempo folleando os libros de arte pictórica da biblioteca. De todas formas, a miña visión da arte plástica sufriu unha auténtica revolución cando vin unha exposición de Manuel Colmeiro, daquela un artista practicamente descoñecido, e eu encontreime con que a súa pintura non tiña nada que ver coa que se albergaba nos museos, xa que el pintaba o que eu vía: os mariñeiros, as paisanas...; Colmeiro ensinoume a ver que se podía pintar a realidade ordinaria e non só *La rendición de Breda*.

—*¿Que foi o que o obrigou a emigrar?*

—Foron razóns políticas; chamaban a miña quinta e desertei para non ter que loitar no bando nacional. Daquela eu estaba cursando o preparatorio de Dereito.

—*¿Como o acolleron en América?*

—Moi ben. Sentinme como na casa e iso debeuse fundamentalmente a

uns amigos do meu pai, crioulos de orixe italiana, que nos acolleron a min e ó meu irmán Edmundo como se fosemos da familia, de modo que non padecín falta de afecto. Eu quero máis a esa xente da que estou a falar que a algúns dos meus parentes consanguíneos.

—*Unha vez en Uruguai ¿cales foron os seus pasos artísticos?*

—Ante todo adiqueime a traballar e a estudar taquimecanografía. Logo inicié a carreira de Arquitectura que era a que máis me interesaba, pero tiveron que abandonala porque non podía asistir ás clases; por este motivo cambieí a Dereito, na que a asistencia era máis libre. Alí, na Universidade, foi onde me fixen amigo de Sanguinetti e de Maggi; despois deixei de traballar, puxen o meu primeiro taller de cerámica, que me proporcionou os ingresos necesarios para poder seguir estudando. Houbo un concurso de pintura para estudantes e eu gañei o segundo premio cun cadro sobre a vila pontevedresa de Combarro. Posteriormente gañei o concurso de carteis e comeceí a escribir nunha revista de arte e literatura.

—*Así que nestes primeiros anos xa se nos amosa como un mozo polifacético: estudia, ten un taller cerámico, pinta, confecciona carteis e escribe.*

—Que conste que tan só debuxei dous carteis na miña vida: un para a Universidade de Uruguai (do que conservo algún exemplar) e outro para o Primeiro Congreso da Emigración Galega.

—*¿A quen considera os seus mestres nos inicios desta actividade polifacética?*

—Non podo falar dun mestre en sentido estricto porque iso suporía a existencia dunha prolongada relación de maxisterio. Con todo, quen tivo unha grande influencia nos meus inicios foi Torres García, ó que fun visitar na miña condición de director da revista de arte para pedirlle a súa colaboración. Torres García era unha persoa inmensamente xenerosa. Eu funo ver con temor reverencial, a súa presenza física era impresionante, lembraba a un apóstolo coas súas barbas brancas. Tiña unha paixón pola arte que lles transmitía constantemente ós alumnos. Fun velo con medo e, cando lle pedín que colaborase na revista, el mostrouse agradecido de que lle brindase unha oportunidade máis de poder expresar as súas ideas.

—*¿En que ano se traslada a Arxentina?*

—En 1947.

—*¿Quen o introduce no mundo artístico?*

—De entrada comecei coa cerámica, que constituía unha actividade semiartística e semiindustrial; despois emprendín diversas actividades comerciais con maior ou menor éxito; aí foi onde apareceu meu amigo Ramón Valenzuela quen lle dixo a Luís Seoane que eu facía unha pintura moi interesante.

Luís Seoane pediulle a Ramón Valenzuela que lle levase algún cadro

meu, levoulle tres e ó cabo de dez ou doce días, tras vender un, Seoane pediulle máis cadros; eu tiña moitos no garaxe xa que nesa época pintaba en todos os momentos libres.

—*¿Cal era a temática da súa pintura?*


—Nesa época era temática galega, figurativa. Entón Seoane veu á miña casa, mirou toda a obra e aconselloume unha exposición. Conseguiume unha nunha das mellores salas de Bos Aires —a sala Velázquez— e alí expuxen por primeira vez. Foi, polo tanto, en Bos Aires onde me introducín no mundo da arte.

Na capital de Arxentina coñecín —sempre á través de Seoane— outros galegos como Dieste, Arturo Cuadrado, Lorenzo Varela, Blanco Amor e o gran fotógrafo de mariñeiros Pepe Suárez, ó que despois tratei moito en Uruguai. Todos estes exiliados reuníanse, no verán, nunha librería de Punta do Leste propiedade de Suárez.

—*Ó longo do seu, chamémoslle, prolongado exilio, vostede residiu en varios países latinoamericanos e, desde 1961, en Francia ¿Que é o que lle achegaron vital e artisticamente?*

—Hai que dicir que eu non me sentín nunca un exiliado anque convívise con eles. En realidade nin sequera me consideraba español. Converteíame en uruguaio. Nunca tiven un sentido nacional exclusivo, era un híbrido de galego, español e uruguaio.

—*¿Cales foron seus fitos vitais posteriores?*



Leopoldo Nóvoa diante dunha das súas obras na recente mostra. (Foto Benito Ordóñez. *La Voz de Galicia*).

—En 1957 regresei a Uruguai e en Montevideo colaborei co diario *Acción* con Manuel Frades —candidato á presidencia da República—, Onetti e Sanguinetti. Escribía textos periodísticos que firmaba co pseudónimo de Lázaro, ademais debuxaba a caricatura política; todos están na hemeroteca de Montevideo, eu non conservo nada, xa que se queimaron no incendio do meu estudio parisiense. Ás veces interviña na titulación das noticias; con todo, non ía á redacción polas noites, só polas mañás, ó final nin ía, gozaba xa de tanto prestixio que mandaban alguén buscar a miña caricatura diaria.

No xornal *Acción* reencontreime con Onetti, por aqueles tempos un escritor consagrado desde a publicación en 1939 de *El pozo*. Onetti era un escritor de verdade e nós, ó seu lado, uns meros afeccionados. Alí tamén estaba Sanguinetti que comezaba a facer as súas primeiras intervencións como político e xornalista (Nóvoa recita unha poesía de memoria: “déjame anotar en mi cartera la gracia de tu rama verdecida, mi corazón espera... la primavera), isto deu orixe a un cadro que se chama *A un olmo viejo*, que me comprou Sanguinetti cando terminou a carreira; comprouno a prazos, os dous non estabamos nada ben de diñeiro, así

que estes eran de pouca cantidade, de xeito que non lle custaba demasiado a un pero axudaba ó outro; tratábase dun cadro figurativo.

A crítica literaria facíaa Ángel Rama, gran profesor de Universidade, pertencente a unha familia galega de auténticos xenios; entre todos nós estableceuse unha grande amizade.

—*¿Entón por que se vai a Francia en 1961?*

—Porque en Bos Aires emprendera un camiño artístico que en Montevideo desenvolvín moito máis. Durante todo aquel tempo pinteí, e moito; e expoñía; mais eu preguntábame qué facía aquí, porque en Uruguai ninguén vivía da pintura. Así as cousas, decido irme ós Estados Unidos porque meu pai, daquela cónsul en Filadelfia, dicíame que coas miñas ideas e o meu tipo de pintura seríame moito máis fácil triunfar alí ca na decadente Europa. En consecuencia, primeiro marchei a Francia para ver museos e, anque despois tiña pensado marchar ós Estados Unidos, por motivos persoais xa non fun.

Regresei a Uruguai porque me chamaron para facer o mural do Estadio do Cerro, alí permanecín tres anos facendo o mural e mais as termas do Arapei en Salto. Volvo por segunda vez a Francia en 1965 e é cando me instalo definitivamente.

—*¿Quedaría para sempre en Uruguai no suposto de que puidese vivir alí da súa pintura?*

—Non, aínda que me propuxeron figurar como asesor artístico do Senado, con soldo e sen necesidade de ir por alí, eu non quixen; posteriormente insistiron en designarme agregado cultural en París, pero, anque aceptei, o nomeamento non chegou.

Permanezo xa, para sempre, en París, porque xa tiña 40 anos e quería pintar e vivir da pintura; pensaba que se tiña talento triunfaría. Pasei privacións, pero nunca pasei fame; eu arraxábame para vender obras pequenas en librerías ata que, por fin, unha galería —a Loeb, un dos grandes mitos da pintura— se interesou por min e logrei saír adiante.

—*¿En que se considera tributario da cultura francesa?*

—En todas as ordes, presentóuseme un panorama totalmente distinto ó que eu estaba acostumado. Podo dicir que Uruguai, de onde viña, era unha aldea en canto á arte —anque debo recoñecer que ninguén me marcou tanto como Torres García—; en París terminei de formarme artisticamente, sempre moi vinculado ós pintores latinoamericanos e a algún español e pouco ós demais estranxeiros. Alí integreime nas novas tendencias artísticas.

—*Independientemente da cuestión puramente artística e profesional ¿que é o que máis admira de Francia?*

—É unha pregunta moi grande; hai moitas cousas que me chaman a atención. Eu viña dun país, Uruguai, cunha cultura media enormemente

desenvolvida e cun espírito democrático que non se mira noutros países — incluso en Francia, me atrevería a dicir—, porque en moitos aspectos o francés é moi chauvinista, dunha xenosidade impresionante; pero, por unha banda, é moi internacional e, pola outra, crese o embigo do mundo, que todo o importante pasa por París. Con todo, pese a haber unha cultura media semellante á uruguaia, o simple feito de ler a prensa dáche unha idea dunha dimensión que eu non creo que poida existir noutro lado. É excepcional o grao de desenvolvemento cultural que ten; ti escoitabas a radio e oías falar a Malraux que foi ministro e que empregaba un francés impecable; namórase do modo de presentar as ideas, de cómo se combate intelectualmente ó opositor; extasiáste no terreo cultural cotián con todos estes elementos cando abres as follas de *Le Monde* ou doutro xornal, ou semanario, que hai moitos. Ou ves na televisión a todas as cabezas pensantes do mundo e todo isto valo dixerindo sen te decatarse, situándote no mundo cunha perspectiva que só cabe obter desde París.

—*Vostede regresa a Galicia por primeira vez desde 1937 cando xa se encontra instalado en París. Fale diso.*

—Vin a España varias veces esporadicamente; a primeira de incógnito cando percorrín Galicia con Ramón Valenzuela. A partir de 1971 instaleime durante os veráns con Susana nunha finca familiar denominada “A Bouza” situada en Samieira (Poio).

—*¿Que cambios notou en Galicia desde a súa marcha en 1937?*

—Notei cambios moi grandes; había unha economía moito máis importante; percibín moita menos miseria que cando me fun e a opresión do franquismo —aínda que existía en todas as ordes— non era tan pesada.

—*¿Tivo algún problema coa policía franquista ou coa Garda Civil?*

—Non, eu non viña aquí como español senón con pasaporte uruguaio, e tiña o carné de periodista que nalgúns casos me axudou.

—*¿Cando decide comprar a súa casa aquí, en Galicia?*

—Como xa indiquei, “A Bouza” era unha propiedade da familia da miña nai, aínda que eu non tiña participación nela. Esta rama familiar —os Echevarría Nóvoa— foi moi perseguida durante a Guerra Civil e foi cos que convivín en Raxó durante os veráns da miña nenez. A casa estaba en estado ruinoso —permanecera pechada durante corenta anos—, e Susana e mais eu, que entón eramos moi pobres, habilitámola sumariamente para poder vivir nela; durmiamos nun colchón ó lado da lareira e así transcorreron os veráns desde 1971 ata 1981.

—*¿Cando adquire a casa de Armenteira?*

—Ó longo deses veráns vimos aquí a pasear e un bo día dixen: “¡Mira que lugar máis lindo para facer un

taller!”, e comprei isto máis ou menos en 1982.

—Desde que regresou a Galicia, diversas institucións galegas públicas acolleron exposicións da súa obra, algunha antolóxica como a do Kiosko Alfonso da Coruña, a do CGAC en Santiago e a Bienal de Pontevedra, sen contar coas de Caixa Galicia, Unión Fenosa e as máis importantes galerías privadas da nosa Comunidade... A seguinte pregunta sería: a pesar de todos os seus avatares vitais, de todos os países nos que viviu ¿neste momento da súa actividade creadora ata que punto permanece Galicia na súa obra?

—Non o sei; eu non me sinto máis galego que cando saín de aquí. Síntome tan uruguaio como galego e quizais o que menos me sinta sexa francés; en realidade son un produto dunha osmose cultural permanente.

En Galicia é onde me reencontro coas miñas orixes; cando me fun non ía sentindo unha perda, ó contrario, marchaba todo ilusionado a vivir; razón pola cal a miña peripecia vital me fixo inmune ó nacionalismo.

—Entón, dito isto, que por suposto compartimos, non impide que Galicia estea presente en proxectos artísticos importantes e inmediatos que vostede ten.

—Moi presente; a min Galicia ofreceume unha acollida dunha xenerosidade que hai que sinalar porque sempre fun respectado e apoiado, aínda que non son capaz de explotar todas as posibilidades da miña presenza aquí; non o fixen nunca, nin en

Francia, nin en Uruguai; as cousas saen porque teñen que saír, por si mesmas.

—¿Podería referirnos cales son eses proxectos inmediatos, a medio ou a longo prazo que ten en Galicia?

—O máis importante é o do Campus da Universidade de Vigo, que aínda está no aire; no do Museo de Pontevedra estou a traballar. En Galicia, á parte das exposicións ás que xa se referiron, que marcan a miña traxectoria, está o feito dunha serie de esculturas entre as que figuran a do Parque de Bonaval e actualmente teño entre mans proxectos moito máis importantes dos que estou en proceso de desenvolvemento inicial.

—Como coñecedores da súa traxectoria vital e da súa obra, unha das cousas que chama a atención é que vostede é un artista verdadeiramente polifacético; a maior parte dos artistas da súa xeración dedicábanse só a unha faceta artística: á arte pictórica case todos. Pero chámanos moitísimo a atención o feito de que a súa obra pictórica é sorprendente pola utilización das formas, dos volumes, das materias [apunta o propio Nóvoa] que o singulariza con todos os artistas da súa xeración. E, por outra parte, dentro desa faceta polifacética, os seus comezos periodísticos, incluso dentro da caricatura política; a grande evolución desde a pintura figurativa ata a abstracción. Pero insisto no carácter polifacético da súa obra e que se está investigando continuamente; por outra parte, non só utiliza materias novas, senón que se adica a facer murais, á escultura, ó gravado, ó tapiz

[apunta Nóvoa], cartóns, etc. *¿Este afán é de sempre?*

—Si, si. En todas as cousas da miña vida fun sempre así, o que pasa é que coas actividades que tiveron non artísticas, nas que tamén actuei cos mesmos criterios, non teñen ningunha transcendencia; mentres que eu creo que si a teñen desde o punto de vista artístico. Tratei, sobre todo, de comprender o mundo, de expresar a *Weltanschauung* alemana.

—Permita que agora vaíamos a unha faceta máis persoal: *cuestión de afeccións. Cónstanos que é vostede un lector promiscuo e impenitente e que, ademais, tivo amizade persoal con algúns dos mellores escritores latinoamericanos como García Márquez, Cortázar, Benedetti e Onetti, á parte dos citados —ós cales lles coñece a obra con detalle—; ¿cales son súas preferencias literarias? ¿Ata que punto se sente vostede tributario da literatura francesa?*

—Tiven amizade cos que dixeches, ademais coñecín a Vargas Llosa en Perú. Lin de todo; impresionoume *Don Segundo Sombra* de Güiráldez; teño preferencia polos escritores americanos da xeración de Hemingway (Faulkner, dos Passos); Zweig; en francés Malraux e Gide; a literatura rusa (Tolstoi); Kafka. Na miña infancia lin a Salgari. Dos ingleses, o autor de teatro Bernard Shaw, fun mercando a súa obra libro a libro, e entusiasmeime. Dos autores españois: Machado, Lorca, Miguel Hernández; dos latinoamericanos lin moitísimo a César Vallejo; pinteí algún cadro na súa homenaxe e usei bastante

un título que nos momentos de soidade en París lle puxen a varios cadros: *Hoy no ha venido nadie, ni me ha llamado en esta tarde nadie.*

E dos actuais, lin moito a Ángel Valente, co cal debía facer un traballo que xa estaba programado; tratábase duns gravados con textos de Valente. Tamén Muñoz Molina e, de antes, Galdós, Unamuno...

Actualmente estou a ler a Steiner: *A barbarie da ignorancia* e *Gramática da creación*, que fala de cómo el se formou cos idiomas e da importancia que poden ter para comprender ós outros; é un libro que hai que ler *A barbarie da ignorancia*; o libro que máis me impresionou este ano é o outro de Steiner: *Gramática da creación*; para min foi o descubrimento dun ser excepcional e que me axudou a comprender o feito xudeu.

Polo que respecta ós escritores galegos: moitos, xa que o meu pai estaba aboado á colección "Nós" desde que se creou; eu lin libros deles, de Manuel Antonio, lino de neno aquí en Galicia [Nóvoa repíteo varias veces], Dieste, Risco, Otero Pedrayo...; logo o meu pai expulsárono de España, estaba a familia con bastante temor porque os ameazaban, e queimaron todos os libros galegos que tiñan, cando xa meu pai e mais eu non estabamos, cando miña nai se ía marchar; saíu embarcada desde Barcelona, e antes de irse queimou eses libros. Eu tiña, e aínda conservo, algún deles que levei en todas a miñas viaxes; uns de Castela: *Sempre*

en Galiza, *Os vellos non deben de namorarse*; tiña un cunha dedicatoria que me fixo Castelao en Montevideo, pero Susana di que non o atopa, así que ou se queimou no incendio do estudio, en París, ou o levaron da casa; cando o do incendio queimáronse poucos libros, porque non estaban cos cadros, pero quedaron negros, coas pastas negras.

Lin, ademais, a Dieste, a poesía de Lorenzo Varela; de Blanco Amor, *El niño en la catedral*, que me gustou moito; Cunqueiro; Freixanes *O triángulo inscrito na circunferencia*, interesoume moito; de Valle Inclán todo, foi dos autores que repetín en distintas ocasións, en distintos períodos vitais fun a Valle de novo, tanto en América como aquí.

Teño sempre a man un libriño para ler: *La guerra grande del Paraguay*, léoo para desalterarme ou cando estou moi cargado de meditación ou de entrega no taller, entón recorro a un libro así; ou a Steiner, porque Steiner como Bach esíxenche unha entrega total.

—*Esta pregunta é sobre a lingua galega, aínda que xa recollemos algo nalgunha pregunta anterior, pero debemos reiterala. Despois de tantos anos fóra de Galicia, regresa nos sesenta e agora que xa está bastante máis integrado ¿Que lle parece cando mira a TVG e escoita o idioma, parécelle un galego artificial, cre que a normativa é excesivamente artificial?*

—Da normativa non podo opinar porque non coñezo dabondo a lingua como para saber cando hai unha ten-

dencia ou outra; ós idiomas nunca lles prestei demasiada atención.

—*Despois da súa colaboración periódica ten experiencia como escritor, de artigos periodísticos con Celma Miquelini (asasinado) no diario Acción; nós os dous, que o coñecemos de antigo e valoramos a súa ampla formación cultural e logo os seus excelentes dotes de conversador, pensamos que sería moi útil para a posteridade que deixase constancia escrita das súas vivencias, unha especie de memorias, dada a riqueza da súa vida, desenvolvida en dous continentes, en varios países, testemuño de acontecementos fundamentais.*

—Non, xamais. Non as considero importantes. A miña vivencia persoal son os cadros. Eu non son eu, eu son os meus cadros, o meu traballo de artista. O meu ser está transplantado ós meus cadros mellor incluso có que eu poida dicir, moito mellor.

—*Á parte do traballo, que ocupou e ocupa moitas horas da súa vida, vostede ten unhas afeccións; ademais de ler, do que xa falamos, ¿que máis entretementos ten?*

—Fixen moito deporte. Pero a miña afección maior é o xadrez. E agora o Dépor e o Celta; xoguei moito ó tenis, practiquei a natación e naveguei, de neno por toda a Ría e no Uruguai no Club de Regatas, tamén naveguei moito no Río da Prata, tanto como regatista como cruceirista; practiquei moito a equitación, rompín as pernas andando a cabalo, cheguei a montar un poldro salvaxe con resultado máis ben mediocre; traballei a cabalo horas e horas con gandos máis ou

menos *chúcaros* o que supón pegarse unhas caídas tremendas; é dicir, xinete si, pero mediocre; tamén cazador, pero a caza abandoneina cando o feito deportivo deixou de interesarme. Eu ía cazar, tiña un can no taller ó que non lle faltaba máis que falar; saía e mataba oito ou dez perdices para comer e logo ía camiñando co can, sentaba debaixo dunha árbore, miraba o río, levaba tamén cousas para ler; non era só ir cazar, os trofeos, as competicións deixaron de interesarme completamente.

—*Agora ten o xadrez, pasear ¿o cine?*

—O cine gústame pero non teño unha gran cultura cinematográfica; tamén a música clásica aínda que sen unha gran cultura musical. Vou a concertos cando Susana consegue sacarme do taller, entón estou encantado.

Traballo sen música porque me distrae. Ás veces leo con música, pero lixeira; dígolle a Susana que me poña algo de barroco italiano e leo, paro e escoito; non sucede como con Bach que hai que se esquecer de todo, Bach é inesgotable en todo. O instrumento que máis me gusta é o violonchelo.

Hai na arte dúas correntes que, en xeral, se lles poden aplicar a todos os artistas, e mais á música, a pintura e a todo o demais; unha podería ser a razón, a medida, a orde, é Bach; hai ademais o sentimento que na arte o descubro. Xúntase coa teoría de Steiner de que a suprema creación artística é a matemática superior; chega un momento en que a matemática se converte nunha beleza sublime. Eu non chego a ela e el tampouco.



Luisa BLANCO e Luis RODRÍGUEZ ENNES: "Arredor de Leopoldo Nóvoa. Conversa", *Revista Galega do Ensino*, núm. 42, febreiro 2004, pp. 79-91.

Resumo: Os autores desta conversa con Leopoldo Nóvoa indagan sobre a súa infancia, as súas relacións con Galicia, outros países e cidades. Resaltan as opinións de Nóvoa sobre a súa pintura, a súa condición de artista, así como as súas lecturas, os amigos e as vinculacións con variadas facetas da arte.

Palabras chave: Leopoldo Nóvoa. Galicia. Guerra Civil española. Exilio. Montevideo. Bos Aires. Pintura. Exposicións.

Resumen: Los autores de esta conversación con Leopoldo Nóvoa indagan sobre su infancia, sus relaciones con Galicia, otros países y ciudades. Resaltan las opiniones de Nóvoa sobre su pintura, su condición de artista, así como sus lecturas, amigos y vinculaciones con variadas facetas del arte.

Palabras clave: Leopoldo Nóvoa. Galicia. Guerra Civil española. Exilio. Montevideo. Buenos Aires. Pintura. Exposiciones.

Summary: The authors of this conversation with Leopoldo Nóvoa investigate his childhood, his relationship with Galicia, other countries and towns. Novoa's opinions of his own painting, his condition as an artist, as well as his readings, his friends and his linkings with several aspects of art may be emphasized.

Key-words: Leopoldo Nóvoa. Galicia. Spanish Civil War. Exile. Montevideo. Buenos Aires. Painting. Exhibitions.

—Data de recepción da versión definitiva deste artigo: 14-02-03.

